



A CIG urxe a aplicación do permiso parental de 8 semanas e a actualización do pago de dietas por quilometraxe

As axudas por desprazamentos irán á próxima Mesa Xeral mentres a Xunta non contesta á demanda da CIG de autorizar xa o permiso parental

O sindicato trasladou tanto á Consellaría de Educación como a Función Pública, de quen están pendentes en última instancia os cambios e a adaptación da normativa estatal para a súa plena aplicación ás empregadas e empregados públicos da Xunta, que se dea luz verde canto antes **tanto á actualización das axudas de custe (dietas) como ao permiso parental** que está paralizado á espera de que se desenvolva a nivel galego.

Axudas por custe de desprazamentos

Despois de moitos anos sen actualizar estas axudas por gastos de quilometraxe (bloqueadas en 0,19€ malia o impresionante incremento dos prezos), **en xullo entrou en vigor unha nova contía de 0,26€ que, de momento a Xunta non fixo efectiva ao non ter levado aínda á Mesa de negociación a correspondente orde.**

A CIG demanda que nesa orde o pago da quilometraxe teña **efectos retroactivos desde a data de entrada en vigor no conxunto do Estado (18 de xullo)**. Ao tempo, o sindicato considera que se lle debe **pór fin a unha discriminación no pago de aloxamento e manutención por motivos de servizo**, ao seguir en vigor a diferenza entre tres diferentes niveis no funcionariado, de tal xeito que altos cargos da administración cobran máis por xantares que teñen que realizar fóra por motivos de



A CIG urxe a aplicación do permiso parental de 8 semanas e a actualización do pago de dietas por quilometraxe



traballo (asistencia a reunións oficiais que se prolongan máis alá da hora do xantar, por exemplo) que o resto do funcionariado e dentro deste, cobran máis os grupos superiores: defendemos unha mesma contía con independencia do grupo ou nivel de procedencia e remate esta anomalía de que se lle pague máis por comer ou durmir fóra a quen máis cobra.

Profesorado itinerante

Os efectos do pago da quilometraxe ten unha especial incidencia no profesorado itinerante, que debe cobrar polos seus **desprazamentos** segundo o que se recolle no acordo asinado no seu día pola CIG-Ensino e outros sindicatos coa Consellaría de Educación. Tamén incide no pago por **formar parte de tribunais ou por acudir a reunións convocadas pola Consellaría.**

Permiso parental

A ausencia de desenvolvemento normativo deste permiso incorporado no Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) no mes de xuño tamén está a provocar que se denegue a quen o solicitou neste comezo de curso. A CIG-Ensino considera que, como nas axudas de custe, se chega tarde e que urxe regulalo no ámbito da administración galega. Neste sentido, o sindicato demanda non só **a súa inmediata aplicación senón que a propia Xunta recoñeza o carácter retribuído deste permiso.**

En que consiste este novo permiso?

O novo permiso parental consiste en poder **dispoñer de até 8 semanas para o coidado dunha filla ou fillo de 8 anos ou menor en acollida (se está é por tempo superior a un ano).**

Esas 8 semanas poden ser continuas ou descontinuas, a tempo parcial ou total e pódeno gozar ambas persoas proxenitoras.

A duración mínima, no caso de se fraccionar, debe ser de unha semana.

A CIG-Ensino lembra que a Consellaría e a Xunta segue conculcando dereitos legalmente recoñecidos ao seu persoal e que a única fórmula para facelas recuar é a mobilización, a presión e, en moitos casos, recorrer á vía xudicial, para o que precisamos o apoio da afiliación e de todo o profesorado galego.

Tal e como se regula na normativa estatal, e a falta dunha revisión posterior, **o permiso é NON remunerado**, polo que a CIG insta á Xunta a dar o paso de recoñecer o seu pago, avanzando en dereitos para a conciliación e o coidado das crianzas. A Dirección Xeral de Función Pública non contestou á demanda do sindicato para dispoñer a entrada inmediata en vigor deste permiso e nin tan sequera se comprometeu a levalo en breve á Mesa Xeral, o que implica unha **falta de respecto co persoal da administración autonómica** que xa se podería estar beneficiando deste novo dereito.

Union	Members	Delegates/elected
UGT	1.557	8
CSIF	1.602	9
STEG	1.414	10
ANPE	2.265	18
CCOO	4.622	34
CIG	9.765	67

Unha vez máis... seremos a túa forza, a túa voz

afíliate

Forza Dereitos
Compromiso Igualdade
Unidade Lingua